



Pontevedra loitará Contra o Cancro o 4 de outubro nunha marcha solidaria

EVA M. PONTEVEDRA / LA VOZ

O próximo domingo 4 de outubro celebrárase a oitava marcha en contra do cancro en Pontevedra. Ás 10.30 horas partirá da praza de España unha carreira que busca fomentar a participación e a sensibilización. «Demuestra la enorme solidaridad de la ciudadanía pontevedresa», asegura Ana García, presidenta provincial da Asociación Española contra o Cancro.

O recorrido vai ser accesible e está deseñado para tódolos públicos. Poderase realizar acompañado de mascotas. A asociación espera superar os 2.700 participantes e impulsar a investigación oncolóxica e os servizos gratuitos de atención para pacientes e familiares.

O acto de presentación da marcha tivo lugar onte na praza da Peregrina, coa participación das autoridades correspondentes.

Rafa Domínguez, vicepresidente da Deputación, pon en valor o traballo da asociación e pensa que «eventos como este axudan a visibilizar».

Por outra banda, a directora territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra, María Dolores Bazán, incide en que non é necesario ir correndo senón que «podemos ir camiñando, temos que apuntarnos e colaborar». Mentres que a concelleira de Promoción Económica, Anaabel Gullás, enorgúllcese de «poñernos todos a mesma camiseta» e insiste na importancia de fomentar «recursos para a investigación e a sanidade», ao que a presidenta provincial engade que é «una de las estrategias más importantes es la investigación».

As inscricións para participar xa están abertas e atópanse a través da páxina web ou presencialmente na rúa Eduardo Pondal,

na sede da Asociación Española Contra o Cancro de Pontevedra. O prezo para adultos é de 10 euros con camiseta, e 6 euros sen ela. Para os nenos de 4 a 16 anos, serán 7 e 3 euros respectivamente. Os nenos de tres anos ou menos terán o seu pase gratuito e sen camiseta. E finalmente, as persoas que leven as súas mascotas tamén recibirán un obsequio especial.

«Os esperamos a todos», conclúe a presidenta provincial Ana García. A asociación busca sumar a máis persoas a esta iniciativa solidaria, para consolidar un futuro cunha supervivencia maior fronte ó cancro.

Colaboradores e patrocinadores

Ademais dos intervinientes, estiveron presentes Pedro Iglesias, presidente do Clúster Galego da Industria do Deporte e Benestar e os patrocinadores da pro-



Presentación da 8ª marcha Contra o Cancro en Pontevedra. CAPATILLO

ba. Arturo Ramírez, presidente de Construcciones Ramírez; Ismael Pardo, xerente de Mira Maruxa Óptica; Leticia Delgado, directora Residencia Caser Residencial Pontevedra; Nuria Campos, traballadora social Caser Residencial; Raquel Costa, administradora de alquiler Myc Norte Sur; Óscar Alonso, xerente de Quirón Salud; Enrique Figue-

roa, xerente de Skoda Mourente Motor; Matilde Rodríguez, directora de Comunicación e Marketing de Avigal; e Rodrigo Rajoy, xerente de Atleet.

A carreira tamén conta co apoio do Concello de Pontevedra, da Deputación de Pontevedra, e da Xunta de Galicia, que son fundamentais para desenvolver esta iniciativa solidaria.